

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 13 de xullo de 2020, da Área de Planificación e Proxectos, pola que se fai pública a aprobación do expediente de información pública do proxecto de construción de reforma da intersección do punto quilométrico (p.q.) 6+000 da AC-840 en Oza-Cesuras, de clave AC/18/137.06.

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 7 de setembro de 2017, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de setembro), ditou o 10 de xullo de 2020 a seguinte resolución :

Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas pola que se aproba o expediente de información pública do proxecto de construción de reforma da intersección do p.q 6+000 da AC-840 en Oza-Cesuras, de clave AC/18/137.06.

Antecedentes de feito:

Primeiro. No *Diario Oficial de Galicia* núm.7, do 13 de xaneiro de 2020, publicouse o Anuncio do 3 de xaneiro de 2020 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción de reforma da intersección do punto quilométrico (p.q.) 6+000 da AC-840 en Oza-Cesuras, de clave AC/18/137.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Segundo. A actuación obxecto do proxecto consiste na reordenación da intersección situada no p.q. 6+000 da estrada AC-840 (Betanzos-Agolada), mellorando as incorporacións desde o camiño de Carraceda á AC-840 e viceversa, para o cal se proxectan carrís de aceleración e deceleración e dous carrís centrais de espera, permitindo deste xeito todos os xiros á esquerda. Así, a solución proxectada ten como finalidade mitigar ou eliminar os actuais riscos e, como consecuencia, incrementar a seguridade viaria dos condutores.

Terceiro. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes e no trámite de información pública non se formularon alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estru-



tura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017, sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG núm. 179, do 20 de setembro).

Segundo. De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

O artigo 22.2 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, establece que no caso de estudos ou proxectos sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, unha vez emitido o informe sobre as alegacións presentadas, o órgano competente da administración promotora da actuación debe adoptar a correspondente resolución, que pode ser de aprobación definitiva de todo o ámbito do estudo ou proxecto ou ben só dunha parte deste.

Terceiro. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto, e tras os informes e certificados presentados,

RESOLVO:

Aprobar o expediente de información pública do proxecto construtivo de reforma da intersección do punto quilométrico (p.q.) 6+000 da AC-840 en Oza-Cesuras, de clave AC/18/137.06, mantendo o trazado proposto como definitivo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2020

Carlos Lefler Gullón
Xefe da Área de Planificación e Proxectos

